

Comentarios recollidos no [Blog da Biblioteca do ies Sánchez Cantón](#) no curso 2007-08

1. O libro *A lus do Candil* é un libro moi interesante que está baseado en diferentes historias que contan uns chicos ao redor dunha fogueira nunha torre dun castelo unha noite de outono. Todas estas historias están baseadas en cousas referentes á Galicia máis profunda, con isto refírome a que, dende sempre Galicia foi coñecida ademais de por moitas outras cousas polas súas historias de meigas e lobos, de vivos e de mortos, de cemiterios, historias de terror, que ao coñecer Galicia, sobre todo os pobos, os costumes e as montañas méteste mellor na situación. Ao que ía, que todas estas historias te meten na Galicia máis profunda, recórdanche a historias de medo que contas cos amigos as noites de verán e é algo moi fermoso. O libro resultoume moi doado de ler, sobre todo porque non son historias moi longas, entón podes ir lendo unha a unha, aos pouquiños. Cada historia ten a súa intriga, e cando comezas a lela xa non paras ata que non sabes como remata e iso é outra cousa que fai que o libro se faga ameno. En xeral, todas as historias me encantaron, menos a última que ademais de ser a máis longa, como mestura conversacións pasadas con feitos en presente, faise un pouco de barullo e non a entendín moi ben. Polo demais o libro pareceume fermosísimo e moi interesante. **(Margarita)**

2. Este libro non me gustou moito, faláronme marabillas del pero decepcionoume un pouco. Trata duns cabaleiros que están sentados comendo e bebendo e comezan a contar historias de distintas partes de Galiza. As historias, salvo algunhas, foron bastante aburridas, porque moitas veces non entendía nada do que dicía porque mesturaba moitas cousas, como por exemplo a última que se titula " O tesouro" que foi a que menos entendín porque aparte de ser moi longa mestura moitos personaxes e acontecementos. De todas a que máis me gustou foi a de " Os difuntos falaban castelao" porque me pareceu bastante graciosa e ademais enténdese perfectamente. O vocabulario é moi complexo e moitas palabras non se entenden porque, como di ao principio do libro a lingua que se emprega é a propia do Caurel e por iso ten moitas variantes. O libro ten moitas historias pequeniñas por iso resultame bastante difícil acordarme delas. Persoalmente os libros que van contando historias pequeniñas e moi distintas non me gustan moito, eu prefiro unha longa e que conte unha aventura ou unha serie de acontecementos. **(Noemi)**